

# Lérez na literatura: Juan Loureiro

## Un conto da Guerra da Independencia.

José M. Ramos González.

No mes de febreiro de 1809, Pontevedra foi ocupada polo exército francés por mor da invasión de España polas hostes de Napoleón e a covarde fuxida do monarca Fernando VII, logo de entregar a coroa a Xosé Bonaparte.

O certo é que Galicia non tiña ningún interese estratéxico para os invasores, aínda que os motivos que provocaron a presenza gala foron dous: o primeiro, a persecución das tropas inglesas que se retiraban cara Vigo e A Coruña para embarcar con destino ao seu país. O segundo motivo foi a intención de crear unha fronte para invadir Portugal dende o norte. Con todo estiveron moi pouco tempo en Galicia, soamente seis meses, mentres que no resto de España permaneceron seis anos.

Espallados por toda Galicia, sen ningunha resistencia inicial, os franceses acuarteláronse en Pontevedra e tamén nos arredores, entre outros no mosteiro de Tenorio.

Nas cidades foron moitos os que apoiaban a súa presenza: os chamados afrancesados ou colaboracionistas, que máis tarde serían represaliados coa pena de morte ou o exilio. Por outra banda, os chamamentos ás filas por parte da Xunta de Pontevedra, foron moi desatendidas pola cidadanía. Porén, entre a xente do campo, de natureza máis fusca e desconfiada, a obriga de dar acollida e alimento a aqueles estranxeiros non foi ben recibida. Pero a gota que desbordou o vaso da paciencia, foi a morea de abusos e actos vandálicos perpetrados sobre os pacíficos aldeáns que, afeccionados as súas veigas e ao seu gando, procura do seu sustento, vían como esa tropa foránea dedicábase á pillaxe e saqueo dos seus bens máis queridos. A indignación non se fixo agardar e formáronse pequenas gavelas de homes que, bos coñecedores do terreo que os vira nacer e xogar de cativos, comezaron a atacar as patrullas francesas cos rudimentarios útiles de labranza

a xeito de armas. Estas gavelas, a falla dun exército regular, levaron a cabo unha guerra de guerrillas e acabaría por unirse para expulsar con heroicidade os franceses.

Este acontecemento é o que enmarca, histórica e xeograficamente, o conto de Jesús Muruais, *Juan Loureiro*, servíndose ademais de sucesos documentados e personaxes reais.

Jesús Muruais Rodríguez naceu en Pontevedra o 24 de decembro de 1852. Fillo dunha familia acomodada e burguesa, estudou a carreira de Filosofía na Universidade de Santiago de Compostela. Foi profesor de Latín, Filosofía, Francés e Xeografía nos Institutos de Cáceres, Ourense e Pontevedra. Dedicouse con máis profusión á crítica literaria e a súa actividade como creador foi escasa. Ao contrario do seu irmán Andrés, coñecido poeta de costumes que se inspiraba nas tradicións e lendas



Jesús Muruais



do pobo, Jesús, máis erudito, pero tamén máis desafecto cara aos desfavorecidos, desenvolveu todo o seu traballo literario en castelán, e sempre desbotou a lingua vernácula das clases máis populares. Posuía unha monumental biblioteca na que destacaban, tanto en número como en calidade, obras francesas en edicións orixinais. Biblioteca á que acudiu Valle Inclán de mozo e que é unha manifesta demostración da admiración do seu propietario pola cultura francesa. Os seus derradeiros anos pasounos doente, recluído nesa biblioteca da Casa do Arco da Praza de Méndez Núñez, onde finou o 1 de xullo de 1903.

Moitos e recoñecidos escritores franceses de finais do século XIX, Zola, Alexis, Huysmans, Maupassant, Daudet, entre outros, tomaron como referente argumental a guerra franco-prusiana de 1870 en moitas das súas historias, contenda na que Francia foi invadida e ocupada polas tropas xermanas de von Bismarck. O espírito destes relatos, contrario ao chauvinismo imperante malia á derrota, implicaba toda unha crítica tácita ao exército, á relixión e á aristocracia, pero por riba de todo denunciaba a hipocrisía burguesa, sempre descrita desenvolvendo un rol pasivo e acomodadizo diante dos infortunios da guerra. Este enfoque, aparentemente tan antipatriótico, xerou moitas voces airadas contra estes autores nunha Francia que ansiaba a revancha.

Muruais, que dominaba o francés, leu estas historias na súa versión orixinal, ata traduciu algunha delas para publicar en folletín nalgún xornal local. *Juan Loureiro* é, sen dúbida algunha, froito desa narrativa que inspirou a gran derrota francesa de 1870.

○ conto, escrito en castelán, como toda a obra de Muruais, publicouse por primeira vez por entregas

entre marzo e abril de 1879 na revista *Ilustración Gallega y Asturiana*, dirixida por Manuel Murguía, así como no xornal *El Crónica de Pontevedra* entre maio e xuño de 1886.

Tomando o mesmo cariz antipatriótico dos escritores naturalistas franceses, Muruais denuncia os excesos dos seus paisanos na loita contra o exército de Napoleón.

Aínda que dunha lectura superficial puidera desprenderse que o conto enalza a heroicidade dos galegos na loita contra o invasor, unha atención máis polo miúdo permítenos inferir a crueldade e deshonra presentes nas vitorias obtidas sobre os franceses. Semella que Napoleón tivera como loable obxectivo libramos da incultura, a miseria, a opresión dunha monarquía absolutista, o férreo control da relixión e da presenza dunha secular Inquisición aínda vixente en todos os eidos da atrasada sociedade galega rural de principios do século XIX, para ao final instaurar a nova e moderna filosofía social derivada da Revolución Francesa, tan arelada por unha elite ilustrada.

Completando o seu título co engadido “cuento trágico”, e dividido en seis capítulos, *Juan Loureiro* é dunha estrutura narrativa moi simple. Un narrador omnisciente traslada ao lector unha historia tamén sinxela, ás veces con algúns anacos argumentais de conto infantil impropios dun relato bélico.

Malia a inclinación cara ao Naturalismo e o Realismo, escolas literarias vixentes na época, as reminiscencias do Romanticismo aínda son moi poderosas nos escritores de finais do século XIX. No caso de Muruais pode apreciarse unha carga romántica importante na narración, apreciable sobre todo nos diálogos de namorados.

Non é un conto de especial relevancia na historia da literatura; resulta significativo que non se cite no exhaustivo estudo de Baquero Goyanes, *El cuento español en el siglo XIX*, pero ben podía formar parte da relación de obras citadas baixo o epígrafe “Cuentos de la Guerra de la Independencia”.

○ argumento desenvólvese en Pontevedra, cos franceses ocupando a cidade. Rosa, unha fermosa moza de Lárez, encamiñase soa a vila, co obxectivo de mercar medicinas para a súa nai. Pasada a ponte do Burgo, comeza o seu periplo polas estreitas rúas intramuros, sendo importunada pola soldadesca que lle dirixe palabras procaces. ○ seu candor e inxenuidade, mesturadas cunha actitude arisca, acadan por desarmar as pretensións galas que, por outra banda, se ven refreadas polo edito do mariscal Soult, no que se prohíbe amolar aos civís.

Cando comeza a anoitecer, e de volta ao seu domicilio, é abordada por Alberto Morat, un francés vestido de paisano, cortés e educado, que fala a súa lingua.

Logo dun intre de medo e rexeitamento, a moza consinte que o mozo á acompañe, rendéndose ás súas loanzas. Cando Rosa lle di que é filla de Juan Loureiro, un aldeán de Lárez sexaxenario que, na súa mocidade fora soldado, Morat confésalle que el é o comandante da gornición de Tenorio e que Loureiro foi detido e enviado a Santiago por formar parte das gavelas máis belicosas. Perante os choros e rogos desconsolados de Rosa, Morat promételle que fará todo o posible por deixalo en liberdade.

Ao día seguinte, Rosa é violada e a súa nai asasinada. Descoñécese o autor ou autores do delito, pero Juan Loureiro, que conseguiu fuxir dos seus inimigos, bóttalle a culpa aos

franceses e, en particular, a Alberto Morat por seducir á súa filla. Xunta aos seus seguidores e diríxese ao mosteiro de Tenorio, onde se atopa coa gavela de Aguasantas, comandada polo escribán Francisco García, que procuraba a rendición dos franceses por capitulación para evitar un derramamento de sangue.

Juan Loureiro toma o mando de ámbolos dous continxentes e rodea o mosteiro con feixes de palla para prenderlle lume, ante a imposibilidade de franquear os altos muros do recinto. Ao verse perdidos, os franceses amotínanse e encadean a Morat, rendéndose aos paisanos de Loureiro, amosando unha bandeira branca co obxectivo de que se lles perdoe a vida.

Cando os franceses abren as portas do mosteiro, os aldeáns, violando todos os códigos da honra, degolan aos franceses e arrojan os seus cadáveres ao río Lérez. É unha acción tan execrable e indigna, que o propio escribán de Aguasantas queda amolado ante tan enorme iniquidade.

Ao final, Morat é capturado. En presenza de Juan Loureiro é liberado das súas cadeas, mentres o aldeán comúncalle a morte de Rosa. Ante a tremenda nova, o francés prega a Loureiro que o mate, pero este prometera a Rosa no seu leito de morte que, aínda ao seu pesar, lle salvaría a vida. Morat é abandonado, case morto, na estrada que vai cara a Pontevedra, onde acaba en mans dos seus compatriotas.

O conto remata con Morat condenado a morte en consello de guerra por non defender o mosteiro.

Este conto semella unha alegoría na que Rosa representa a Galicia rural, desconfiada e timorata. Aínda

coa atávica lembranza da conquista musulmá, o exército francés reaviva o medo ancestral cara o mouro. Pola contra, Morat é o ideal da Francia ilustrada e galante. Cando o francés se amosa ante Rosa vestido con traxe de paisano, a inicial reacción de rexeitamento da moza troca en admiración, para ao final caer rendida diante dos encantos do galán. O feito de non lucir uniforme pretende minimizar a percepción de Morat como inimigo, o que se obtén de súpeto por parte da rapaza.

Este amor a primeira ollada simboliza a atracción que moitos españois sentían pola cultura francesa, sobre todo por unha parte da intelectualidade (os ilustrados) que envexaban e arelaban todo o que viña máis aló dos Pirineos, cando España estaba sumida nun réxime case feudal.

Deste xeito, o autor xustifica o rol desenvolvido polos afrancesados e colaboracionistas, que deixaron expedito o camiño da invasión.

Outro dato que vén a reafirmar a dignidade e honra do exército galo é o edito promulgado polo mariscal Soult en todas as rúas de Pontevedra, prohibindo amolar aos cidadáns, o que lle permite a Rosa facer as súas encargas sen ningún incidente.

Ademais, o propio Morat prométtelle axuda a Rosa para liberar ao seu pai, co que Muruais abonda na defensa que fai do francés, ao que describe como un honrado cabaileiro, de xeito que entre todas as virtudes que o adornan, tamén hai que engadir a clemencia co inimigo, por oposición á fera e sanguinaria acción das hordas aldeáns entrando a lume e coitelo no mosteiro.

Ao longo de todo o relato, o comportamento de Morat é impecable, facendo gala dunha filosofía da vida

exenta de toda mácula, polo que o lector acabará empatizando con este persoaxe que, en primeira instancia, debería ser o vilán do conto, cando en realidade a crueldade, traizón e deshonra son patrimonio de Juan Loureiro e as súas hostes.

Por todo o dito, somos da opinión que *Juan Loureiro* é unha narración que pretende simbolizar o eterno enfrontamento entre a barbarie e a civilización, encarnadas respectivamente polos galegos e os franceses. Este argumento, engadido ás particulares afeccións literarias do autor, permítenos afirmar, sen temor a erros, que Jesús Muruais foi un neoafrancesado con toda a carga favorable ou negativa que queiramos concederlle ao termo.



Guerrilleiro galego.